



Exp: 11/98

JD: 926

CONSELLERIA DE AGRICULTURA, GANDERIA E MONTES
DELEGACION PROVINCIAL
Servicio de Montes e Industrias Forestais
LUGO

CARPEA DEL MONTE:

"PENEDO DO VAL DE ABRAIRA"

COMUNIDAD PROPIETARIA:

Vecinos de Fontebou y Fonlor

TERMINO MUNICIPAL:

Pedrafita

SUPERFICIE:

9 Hás.

Año 1.993

XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 11/98.

R E S O L U C I Ó N

PRESIDENTE:

Don Luis González Vázquez.

VICEPRESIDENTE:

Don Francisco Caamaño Pajares.

VOCAIS:

Don Manuel Martínez Garrido.

Don Manuel Veiga Franco.

Don José Antonio Illán Torrón.

Don Emilio Sánchez Coto.

SECRETARIO:

Don Luis Quiroga Arnal.

Na cidade de Lugo, a quince de xuño de mil novecentos noventa e nove, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na Sala de Xuntas da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número 11/98 para a clasificación como veciñal en man común do monte " PENEDO DO VAL DE ABRAIRA ", no concello de PEDRAFITA DO CEBREIRO, iniciado por acordo do Xurado coa data do 26 de maio de 1998, sendo vocal instructor do mesmo DON MANUEL MARTÍNEZ GARRIDO, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vocal instructor (coa data do 15 de xuño de 1998), iniciouse o expediente número 11/98 (por instancia de DON JESÚS LAGO VALÍN e 4 veciños máis, con domicilio no lugar de FONLOR, parroquia de ZANFOGA, concello de PEDRAFITA DO CEBREIRO), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da ACTA da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vocal instructor.

SEGUNDO: Coa data do 20 de agosto de 1998, recabouse do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería

de Medio Ambiente, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

TERCEIRO: Coa data do 26 de agosto de 1998, recibíuse certificación do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, na que se fai constar que o monte " PENEDO DO VAL DE ABRAIRA ", non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

CUARTO: Coa data do 31 de agosto de 1998 (registro de saída número 80.263, do día 4 de setembro do mesmo ano), solicitáronse do Rexistro da Propiedade de BECERREÁ os documentos seguintes: 1º) certificación dos asentos que poidan afectar ó terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos; e 2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: Coa data do 11 de decembro de 1998, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de BECERREÁ, na que se fai constar que o monte " PENEDO DO VAL DE ABRAIRA ", tal e como se describe na solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de LUGO, non aparece inscrito nese Rexistro, e que non existe presentado no libro Diario e pendente de despacho ningún documento referente ó predio que se certifica.

SEXTO: Coa data do 19 de febreiro de 1999 (registro de saída número 20.930, do mesmo día, mes e ano) remitiuse EDICTO para a súa publicación no D.O.G., poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

SÉTIMO: Coa data do 19 de febreiro de 1999 (registros de saída números 20.943 e 20.945, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó concello de PEDRAFITA DO CEBREIRO a iniciación do expediente e remitíronselle EDICTOS para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia ós que pertence o citado monte.

OITAVO: Coa data do 19 de febreiro de 1999 (registro de saída número 20.968, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, a iniciación do expediente.

NOVENO: Coa data do 19 de febreiro de 1999 (registro de saída número 20.990, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó Registro da Propiedade de BECERREÁ a iniciación do expediente e solicitouse ANOTACIÓN PREVENTIVA.

DÉCIMO: Coa data do 19 de febreiro de 1999 (registro de saída número 21.051, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó solicitante da clasificación DON JESÚS LAGO VALÍN, con domicilio no lugar de FONLOR, parroquia de ZANFOGA, concello de PEDRAFITA DO CEBREIRO, a iniciación do expediente.

DÉCIMO PRIMEIRO: Coa data do 19 de febreiro de 1999 (registro de saída número 21.053, do mesmo día, me e ano), comunicóuselle ó solicitante da clasificación DON ABEL AIRA RAPOSO, con domicilio no lugar de FONLOR, parroquia de ZANFOGA, concello de PEDRAFITA DO CEBREIRO, a iniciación do expediente.

DECIMO SEGUNDO: Coa data do 19 de febreiro de 1999 (registro de saída número 21.636, do día 22 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó alcalde de barrio da parroquia de ZANFOGA, concello de PEDRAFITA DO CEBREIRO, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estudie o expediente do monte " PENEDO DO VAL DE ABRAIRA ", (con voz pero sen voto).

DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 2 de marzo de 1999, recibíuse comunicación da comunidade de veciños dos lugares de FONTEBOA e FONLOR, parroquia de ZANFOGA, concello de PEDRAFITA DO CEBREIRO, na que como vocais representantes no Xurado pola comunidade implicada no procedemento, resultaron elixidos:

DON JOSÉ LÓPEZ ESPADAS.

DON JESÚS LAGO GANCEDO.

DÉCIMO CUARTO: Coa data do 15 de marzo de 1999, aparece publicado o EDICTO no D.O.G. número 51, páxinas 2.980, 2.981 e 2.982, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte " PENEDO DO VAL DE ABRAIRA " .

DÉCIMO QUINTO: Coa data do 9 de abril de 1999 (registro de entrada número 99/61.124), recibíuse certificación do concello de PEDRAFITA DO CEBREIRO, na que se fai constar que o EDICTO estivo exposto no tablón de edictos dese concello e nos lugares de FONTEBOA e FONLOR, máis de 30 días, sen que se presentasen reclamacións contra o mesmo.

DÉCIMO SEXTO: Non se recibiu reclamación ningunha relacionada coa posible clasificación do monte " PENEDO DO VAL DE ABRAIRA " como veciñal en man común.

DÉCIMO SÉTIMO: No expediente de investigación previa (carpeta-ficha) e no seu apartado 5.- CONCLUSIONES, figura que o monte " PENEDO DO VAL DE ABRAIRA " presenta unha zona indivisa e suxeita a aproveitamento mancomunado, que é claramente definible como veciñal en man común, e que se o monte é declarado como tal polo Xurado Provincial de LUGO, quedaría atribuída legalmente a propiedade ós veciños dos lugares de FONTEBOA e FONLOR, da parroquia e concello xa descritos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñecer o expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- O monte " PENEDO DO VAL DE ABRAIRA ", tal e como se describe seguidamente reviste o carácter de veciñal en man común, cumprindo os requisitos do artigo 1 da citada Lei. Ten na súa maior parte afloracións rocosas e nas zonas máis baixas ten mato de toxos e pés soltos de carballos ou formando pequenas fragas. O seu único aproveitamento na actualidade é o pastoreo mancomunado.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, resolve:

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:



Nome: " PENEDO DO VAL DE ABRAIRA ".
Pertenza: veciños dos lugares de Fonteboa e Fonlor.
Parroquia: Zanfoga.
Superficie: 9 ha.
Concello: Pedrafita do Cebreiro.

Estremas:


Norte: monte da parroquia de Veiga de Forcas e máis montes dos veciños de Fonteboa. Leste: monte e propiedades particulares dos veciños de Fonteboa e Fonlor. Sur: camiño veciñal. Oeste: pista de Fonteboa a Chan Dombea e propiedades particulares dos veciños de Fonteboa e Fonlor.

Descrición do perímetro:

Comezando no punto coñecido como Baligoto do Val de Abraira situado na confluencia da pista de Fonteboa a Chan Dombea, co límite da parroquia de Veiga de Forcas, segue en liña recta, cara ó noroeste, uns 225 metros. Chega ó monte de Coballón e cambia rumbo sudeste, baixando por unha valgada, e limitando cos predios particulares propiedade dos veciños seguintes: Manuel López López, Jesús Fonteboa Vecín, Manuel López López, Pedro Fontao Cela, Amable López Aira, ata atopar co camiño da Toca, que une Casa Rogue coa pista de Fonteboa a Chan Dombea. Segue polo camiño e a pista anteriormente citados e conclúe no punto de partida, Baligoto do Val de Abraira.



[Handwritten signatures and scribbles]



Fo. 4/31
10.25.36

Municipal

de

Piedrafita

Monte Airelas

Monte de Biero

Fuente del Hoyo

Ito de Pico

FONTOR

Monte Airelas

RABACEIRA

LIMO, NOV. de 1.993
EL INGENIERO TECNICO
[Signature]
Fdo: Miguel Arias Sánchez